

Tres bágoas polo Brasil

Rosiña nunca vira un ceo tan escuro coma aquel. A néboa dominaba o horizonte e agochaba as embarcacións ateigadas de pais, que coma o seu, marchaban do fogar e comezaban unha nova vida do outro lado do océano. Iso ela non o comprendía, mais sentía unha profunda dor percorrendo o seu corpo cando observaba as ondas que golpeaban as rochas con violencia., coma látegos, e as nubes que ocultaban o sol de inverno.

Non era un día ledó. Soubérao desde que o seu pai gardara a camisa dos domingos nunha bolsa de viaxe esa mesma mañá. Saíra da casa ataviado cun traxe marrón e unha face seria que o facían irrecoñecible aos ollos da súa filla.

—Rosiña, rula, temos que marchar. Non te separes de min —advertíalle a súa avoa ao vela baixando as escaleiras que levaban á praia.

A nena non escoitou as verbas de advertencia. A súa ollada estaba fixa no mar. Tan grande, tan profundo, tan azul. Aínda que o intentara, non daba imaxinado nada de tales dimensións. En comparación, a visión do seu pai, tan pequeno, minúsculo fronte á inmensidade, producíalle unha angustia maior. A auga nunca lle dera medo, pero agora asemellábase aos monstros das historias que lle contaba a avoa. Esa clase de bechos que devoraban príncipes e princesas.

—Está moi lonxe o Brasil? —preguntou de súpeto. No porto xa non quedaban familias dos viaxeiros e os barcos nos que partiran non eran máis ca pequenas sombras ao lonxe.

Non houbo resposta e Rosiña seguiu avanzando no seu traxecto. Paso a paso. Amodiño. Ouvíu berros que chamaban por ela, mais non xirou a cabeza. Ela só quería atravesar a praia, chegará beira do mar e tocar aquel líquido tan coñecido e descoñecido á vez. Quizais así podería comprender a razón daquela estraña viaxe do seu pai.

—Ten que marchar aínda que non queira. Necesítamolo —tentara explicarlle a súa nai o día que se dera a coñecer a noticia da viaxe.

Naquel momento non lle dera moita importancia ás palabras. Pero alí, axeonllada na area, e coas mans somerxida baixo a auga, as lembranzas acumuláronselle na mente. As súas emocións convertíanse nunha gaiola da que non quería fuxir.

Tratou de imaxinar o Brasil. Ao seu pai na varanda do porto, ollando cara ao mar do mesmo xeito que ela estaba a facer. Ao mellor o Brasil non era o pesadelo que ela cría, senón un paraíso.

Unha pinga, dúas, tres caeron sobre a superficie do mar. Rosiña contemplou fascinada as ondas que alí se formaban. Levou as mans aos ollos e decatouse de que estaba a chorar. Eran as súas bágoas as que caían, fusionándose cunha masa líquida sen fin.

As súas bágoas, pensou, non eran insignificantes como podía semellar nesa praia. Para ela eran un mundo. O mundo enteiro. Rosiña pensou agora no seu pai, embarcando unhas horas antes. El tamén parecera insignificante, mais non había nada máis honorable que enfrontarse á inmensidade sendo diminuto.

—Rosiña! —chamouna a súa avoa, facéndoa volver á realidade—. Que fas aí? Estaste mollando, non o ves?

A rapaza retirou as mans da auga e achegouse a ela, limpando as bágoas coa manga da camisa.

—Estaba con papá, no Brasil! —exclamou.